

EU FALO GALEGO

O Deporte deume moitas cousas ademais dos beneficios supostos a súa práctica. Doume a oportunidade de viaxar e coñecer outras culturas. E doume tamén a capacidade de facer unha análise crítica propia e independente.

Esta capacidade, xunto coa formación académica que escollín, faime ver un erro no noso Sistema Educativo e Social: “Un individuo é avaliado segundo a súa capacidade de produción”. E é este “valor” o que asegura que o idioma galego deixa de ser produtivo ao chegar a Ponferrada.

Pois ben, eu reafírmome en que isto é un erro. O Sistema Educativo debe procurar individuos produtivos pero tamén individuos felices e críticos que garden e transmitan valores, interactuando cos individuos do pasado e do futuro, garantindo unha herdanza dun Mundo mellor.

O galego é igual de práctico que o castelán en Alemaña, Suecia ou Canadá e igual que o inglés se vas a Rusia, China ou Irán. A cultura non debe de valorarse en euros nin na súa capacidade para producilos. Pero aínda así, eu teño que recoñecer que o galego me foi moitas veces produtivo nas miñas viaxes. E que é a lingua que usamos cando nos atopamos con outro galego lonxe do noso lar. E sáenos dun xeito natural, e temos sensación de sosego ao utilizalo. Esquecemos os motivos polos que estamos lonxe e o tempo que queda para a volta. E dá igual se estás en Suíza, Alemaña, México ou Francia, falas galego con calquera persoa que queira entender. E sentímonos entendidos igual que se falásemos castelán ou inglés nos países que non son latinos ou anglófonos.

A cultura non ocupa lugar, pero precisa de recoñecemento social. E a cultura do galego e a súa lingua pode convivir co resto das culturas, pero somos nós quen debemos de recoñecela.

E é por isto polo que eu falo galego. Porque por máis cartos que tivese, non podo pagar os contos, experiencias e consellos que me transmitiron os meus avós e veciños. Que o fixeron en galego porque a eles llelos transmitiron do mesmo xeito, e non agardan cartos como deberían, nos tempos que corren, senón respecto polos nosos costumes.

Nicolás Castro
Deportista